


*Crescer
con
mar*



Presidente da Xunta de Galicia
Alberto Núñez Feijóo
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade
Román Rodríguez González
Secretario xeral Técnico
Manuel Vila López

Secretario xeral de Cultura
Anxo M. Lorenzo Suárez
Subdirectora de Arquivos e Museos
M^a Carmen Calviño Rodríguez

EXPOSICIÓN

Proxecto museolóxico e museográfico

Covadonga López de Prado Nistal

Asesoramento científico

Arturo Sánchez Cidrás (historiador)
María Novas Ferradás (arquitecta)
Belarmino Barreiro Rosales (arquiveiro municipal)

Documentación

María Novas Ferradás

Equipo de montaxe

Área Cribreiro Malvido
Paula Varela Martínez
Data Gestión Cultural s.l.u.
Armando García Galiño

Restauración e conservación

Susana Rodríguez González
Cintia Costa Osorio
Silvia Fernández Bueno

Deseño da imaxe da exposición

Lía Santana / Xosé Salgado

Impresión de elementos gráficos

Imprimeverde s.l.u.
Rotular Cerdeira s.l.
Irisar Deseño e Impresión s.l.l.

GUÍA

Textos

Covadonga López de Prado Nistal

Fotografías

Roberto Quintero
Arquivo fotográfico do Museo Massó

Tratamento e edición de imaxes

Paula Varela Martínez

Maquetación

Lía Santana / Xosé Salgado

Impresión

Gráficas Anduriña
D.L.: C 1060-2020
ISBN: 978-84-453-5346-2

© Do texto: a autora
© Das fotografías: Roberto Quintero e Museo Massó
© Da presente edición: Museo Massó



Creberco Mar

OS GOZOS
E AS SOMBRAS
DUNHA VILA
MARIÑEIRA

XUNTA DE GALICIA



As empresas creadas polas familias Massó e Alonso, establecidas nas rías de Pontevedra e Vigo, son un claro exemplo do desenvolvemento que entre os séculos XIX e XX experimentou o litoral galego, e moi especialmente as rías de Vigo, Arousa e Pontevedra.


A conserveira Massó Hermanos será a responsable de que Bueu e Cangas ocupen un posto relevante no ámbito internacional do sector da conserva de peixe. Ademais foi o factor que desencadeou unha fase de desenvolvemento sen precedentes na comarca do Morrazo.

Esta exposición temporal céntrase en explicar precisamente as etapas de desenvolvemento dunha vila costeira situada na ría de Pontevedra condicionada ao longo da súa historia pola existencia dunha vinculación entre a actividade pesqueira e conserveira.

A casuística que se presenta, e que se remonta á época do Imperio Romano, resulta moi ilustrativa da profunda e milenaria vinculación de Galicia coa explotación dos recursos do mar.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade





PRESENTACIÓN

A vila de Bueu, como tantas outras vilas mariñeiras que xurdiron ao longo da costa das rías galegas, experimentou durante o século XIX e principios do século XX profundos cambios sociais derivados da industrialización. A consolidación dunha nova elite económica entra en conflito cos intereses e privilexios da fidalguía local e da Igrexa, arraigados aínda no Antigo Réxime.

Este foi o contexto social que serviu de inspiración a Gonzalo Torrente Ballester para escribir durante a súa estancia en Bueu a triloxía d' *Os gozos e as sombras*.

Coa primeira edición dos tres volumes desta novela iníciase o percorrido pola mostra temporal *Crece co Mar. Os gozos e as sombras dunha vila mariñeira*.

Durante o período romano Bueu xa coñecera unha primeira época de esplendor xerada ao redor da industria da salga e da fabricación de envases para as conservas de peixe. Coa caída do imperio toda a actividade nos areas de Bueu chega ao seu fin e non se reinicia ata o século XIX co establecemento da industria da salgadura impulsada polos fomentadores cataláns.

A fábrica de salgadura “ao estilo catalán” establecida no edificio que ocupará o Museo Massó, será o punto de partida da histórica saga Massó formada por catro xeracións de industriais que se situarán á cabeza das empresas dedicadas á conserva de peixe.


Massó Hermanos vai protagonizar un dos capítulos máis florecentes da economía galega do século XX, coas consecuentes repercusións sociais que transformaron a vida da poboación das comunidades costeiras. Unha das máis transcendentais será a incorporación tan xeneralizada das mulleres ao traballo asalariado, que constitúen preto do 90% da man de obra, primeiro na salgadura e despois na conserva.


A pregunta que xorde hoxe é: que queda 25 anos despois do peche de Massó, de todo aquel pasado conserveiro e pesqueiro que definiu a identidade da vila mariñeira que creceu á beira dos areas?. A súa pegada está aínda moi presente en varias xeracións das xentes do Morrazo, pero o patrimonio material coas espléndidas arquitecturas industriais, ao igual que outras testemuñas históricas do pasado pesqueiro e conserveiro da vila, xa desapareceron ou están a piques de desaparecer.

Con esta mostra temos a esperanza de contribuír a espertar a inquedanza e invitar a reflexionar sobre que significa un futuro sen memoria, o futuro dun territorio sen identidade histórica nun mundo globalizado.

Covadonga López de Prado Nistal

Directora do Museo Massó





Crece co mar

OS GOZOS E AS SOMBRAS DUNHA VILA MARIÑEIRA

A industria conserveira foi a actividade que definiu a configuración histórica de Bueu

Na enseada de Bueu a explotación dos produtos do mar non sempre xogou un papel determinante.

Durante os primeiros séculos da nosa era desenvólvese aquí un centro industrial e portuario vinculado coa transformación do peixe e a produción e comercialización de ánforas.

Despois da caída do Imperio romano este núcleo de poboación abandona a franxa costeira. A recuperación plena da actividade pesqueira e a industria conserveira non se producirá ata o século XIX.

A empresa creada pola familia Massó é un claro exemplo do desenvolvemento que experimentou o litoral galego neste período. Será a responsable de que Bueu ocupe no século XX un posto relevante no sector da conserva de peixe. Ademais foi o factor que desencadeou unha fase de desenvolvemento sen precedentes. Hoxe é o legado cultural desta saga de empresarios o que o sitúa nun lugar preeminente.

Lamentablemente, os testemuños históricos que definiron a súa configuración como vila mariñeira e como un importante centro conserveiro foron destruídos nun tempo récord, desde o inicio de século ata a actualidade.



Unha comunidade ten
que habitar na súa memoria
para proxectarse cara
ao futuro sen aniquilar
a súa identidade

Os Gozos e as Sombras,
triloxía escrita por Gonzalo Torrente
Ballester, 1957-1960-1962

Museo Massó

As tres novelas reflicten a transformación da sociedade de Bueu. Desenvólvense nun momento no que se estaba producindo a decadencia das antigas elites, fidalguía e clero, e a toma do control do poder local pola nova clase empresarial.



1

O pracer de consumir peixe fresco e en conserva é unha achega da cultura romana



Durante a Prehistoria o consumo de especies mariñas estaba vinculado coa escaseza doutro tipo de alimentos.

Coa ocupación do Imperio romano a principios de nosa era cambian os hábitos de consumo e a dieta alimentaria. Por primeira vez a explotación dos recursos do mar ten un peso importante na economía xeral e local.

Na enseada de Bueu desenvólvese un núcleo residencial vinculado coa produción de peixe en salgadura, a actividade comercial e portuaria. Aquí fabricábanse tamén as ánforas para envasar os produtos elaborados nas salgaduras das Rías Baixas que se distribuían por todo o Imperio.

Desde entón e ata o século XIX a explotación dos recursos do mar non volverá xogar un papel determinante.

Hai máis de 2000 anos



**Utensilio coñecido como pico asturiense
característico dos últimos momentos do
Paleolítico, 15.000-8.000 anos antes da nosa Era**

Museo Massó. Doazón de Juan José Pino Pérez

Son posiblemente os testemuños máis antigos do consumo de marisco na costa galega. Empregábanse no marisqueo de especies de rocha, como caramuxos, lapas, ostras e mexillóns. A escaseza doutros recursos facía que o consumo de bivalvos crustáceos ocupase un lugar importante na dieta alimentaria.





Fotografía da enseada de Bueu coa Illa de Ons ao fondo, realizada por Mar Caldas, 2017

Museo Massó



Fragmentsos de vasilla castrexa e de ánfora romana procedentes do Castro da Illa de Ons (Bueu), séculos II antes da nosa Era-III da nosa Era

Museo Massó

O número de poboados castrexos na costa permítenos supoñer un certo grao de consumo dos produtos do mar.

Os primeiros testemuños da presenza humana na Illa de Ons remóntanse ao Paleolítico. A illa seguiu habitada durante o período castrexo e nos primeiros séculos de nosa era, como o demostran a existencia de dous poboados castrexos e os restos dunha factoría de salgadura romana.



Anzol de sílex das culturas prehistóricas árticas

Museo Massó



Anzol de ferro e pesas de rede de pesca procedentes do asentamento romano de Pescadoira (Bueu), séculos II-IV da nosa Era

Museo Massó

En Europa a pesca con anzol de marfil, óso ou pedra conséntase desde a Prehistoria. Nas comunidades castrexas realizábase desde terra firme ou na zona inmediata con anzois de metal e pequenas redes.

Os achados de pesas de rede de cantos rodados e anzois de metal son máis frecuentes na contorna das salgaduras romanas e confirman a intensidade pesqueira nesa época. Pescábanse, entre outras, a sardiña e o xurelo con redes de arrastre e de cerco desde embarcacións de certo tamaño capaces de capturar bancos de peixes en mar aberto.







Andrea Menéndez Menéndez




Recreacións da factoría de salgadura de peixe e dun forno para a fabricación de ánforas romano de Pescadoira (Bueu)

Museo Massó

Na época romana o porto natural de Pescadoira viuse como unha grande oportunidade para desenvolver un complexo industrial vinculado a un porto pesqueiro e comercial.

Nas escavacións arqueolóxicas do ano 2000 atopouse unha fábrica de salgadura de peixe e varios fornos dun centro oleiro que abastecía de envases as salgaduras da zona. Este taller de ánforas é o único achado ata o de agora na área da costa atlántica e cantábrica desde Peniche, en Portugal.



Andrea Menéndez Menéndez



Este xacemento romano
de incalculable valor cultural
foi destruído ao finalizar
as escavacións para construír
unha urbanización
de apartamentos

**Ánforas tipo *San Martiño de Bueu*
para envasar peixe salgado e
salsas e transportalas por mar,
séculos III-IV da nosa Era**

Museo Massó

Estes dous tipos de ánforas
fabricábanse no centro oleiro
de Pescadoira (Bueu) que na
época romana abastecía de
envases as factorías de salgadura
establecidas nas rías próximas.







**Áncora de pedra localizada
na praia de Pescadoira (Bueu)**

Museo Massó. Doazón de
Víctor Domínguez Antas



Potada e rizón

Museo Massó



**Cepo orixinal de áncora romana
montado sobre a reprodución
dunha áncora da época, séculos
III-IV da nosa Era**

Museo Massó



Os cepos teñen a función de facilitar o afundimento e amarre das áncoras no fondo mariño.

O achado de ánforas e cepos de áncoras romanas son claras evidencias da intensificación do tráfico marítimo e da actividade pesqueira durante ese período histórico. Trátase dun tipo de áncora que evoluciona ata as modernas de metal e que ten a súa orixe na cultura romana.

As máis antigas eran pedras planas con uñas de madeira ou simplemente grandes pesos de pedra que en Galicia se usaron ata tempos moi recentes.



2

Clérigos e fidalgos son donos do mar e da terra


A reactivación da actividade pesqueira nas Rías Baixas comeza unha vez superada a inseguridade provocada pola situación política, polas incursións normandas durante a Idade Media e polos ataques corsarios dos séculos XVI e XVII.

As elites tradicionais galegas, o clero e en menor medida a fidalguía local, acaparan os beneficios da pesca. Esixen o pago das rendas do mar que se realizan en especie: peixe fresco, salgado e seco.

Neste período Bueu apenas rexistra actividade marítima. É un conxunto de núcleos parroquiais dispersos polo interior cunha economía agrícola precaria, de autoconsumo, e minguada polas rendas señoriais e eclesiásticas.

No século XVIII o cambio dinástico na coroa española vén acompañado de novas políticas que comezan a ameazar os intereses destas elites e favorecerán o desenvolvemento económico nas zonas costeiras.

Hai máis de 300 anos



ESTA CAPELA FÍXOSE SENDO REITOR DON BALTASAR GONZALES DE PARGA ANO DE 1689

Arco da porta de acceso á ermida de San Lourenzo de Cela (Bueu) reedificada no século XVII, 1689

Museo Massó

Inscrición no arco

Construída no século XVI e reedificada en 1689, está situada na parroquia de Cela, un territorio elevado cun control visual sobre a liña de costa.

Cela tivo un papel destacado na zona durante a Idade Media e estivo baixo o control do marqués de Santa Cruz e do cabido da catedral de Santiago.

A ermida está situada no que foi o límite entre os concellos de Bueu e Marín. Atópase en ruínas desde o século XIX e chegou a considerarse desaparecida. Localizouse grazas á investigación realizada polo arquivero municipal e á iniciativa de varios veciños, que puxeron o arco a salvo e entregárono ao Museo Massó.



Cadeira de frade, columna de retablo e braseiro, século XVIII

Museo Massó e Colección particular

Mobiliario representativo do poder exercido por clérigos e fidalgos antes da revolución industrial. Os seus ingresos procedían en gran parte das rendas do traballo que cobraban á poboación que traballaba para sobrevivir.





**Fotografía do pazo de Santa Cruz
en Bueu, cara a 1910**

Museo Massó. Doazón dos herdeiros
de Amalia Bolívar Sequeiros

O pazo construíuse en 1659 para
o comisario da Inquisición Fernando
da Rúa Freire e Andrade.



N. Noviembre 2 de 1629 años.
Marino de Lobera. La heredad y Campo de Viña
San Ciprian de Albas.

Despacho de Juan Perez de Hurtado, theniente Juez de la Villa de Cangas, para que Pedro Lorenzo, vecino de San Andrés del Rio pague á D.^{no} Rodrigo Marino de Lobera, y Castro, vecino de Pontevredia, quatro, y medio ferrados, y medio de pan mediado, once Gallinas, y once medias liara de pulpo por la heredad y Campo de Viña, sita en San Ciprian de Albas, que es la Renta atrasada de once años; y en cada uno quatro ferrados y medio de pan mediado, una Gallina y media liara de Pulpo.

Declara Pedro Lorenzo no llevar jamas dha Viña, y que habrá diez años se apoderó de ella D.^{no} Francisco Peremudex, y Castro V.^{no} de Don y Villax, hallanandose pagax dha Renta este.

Fuere en este estado.

Escrivano Juan Doxtaven, de numero de Cangas.

~~236~~

238

**Resolución
xudicial obrigando
a un particular ao
pago de rendas á
casa Aldao polo
froito do traballo
dunhas terras,
con pan, galiñas
e polbos, 1629**

Colección particular



Os fillos do conde de Canalejas fotografía de Cándida Otero, cara a 1890

Colección particular

Ata a supresión na primeira metade do século XIX das rendas señoriais e do pago do décimo á Igrexa, o clero e as familias fidalgas cobraban as rendas do traballo, tanto do mar como da terra. O pago realizábase xeralmente en especie.



O conde de Canalejas da casa Aldao, cara a 1880

Colección particular





An Exact Draught of the *BAY* and *HARBOUR* of VIGO . .

See M. Stindall's Continuation of M. Rapin's History of England . .



Gravado da baía e porto de Vigo, 1745

Museo Massó

Imaxe topográfica da ría de Vigo que representa a situación no momento do comezo do fogo cruzado entre as dúas frotas que participaron na batalla de Rande en 1702. Aparecen marcados os fortes de Vigo e do estreito de Rande.



Canón e balas procedentes dos galeóns afundidos na ría de Vigo durante a batalla de Rande, cara a 1702


Museo Massó

A batalla de Rande enmárcase dentro da Guerra de Sucesión española (1702-1712). Tras a morte sen descendencia de Carlos II, en Europa xurdiron dous bandos, por unha banda ingleses, holandeses e austríacos que desexaban colocar outro Habsburgo no trono de España, e doutra banda españois e franceses que apoiaban o Borbón Felipe de Anjou, neto do rei de Francia.

O goberno do novo rei Felipe V de Borbón introducirá cambios importantes que impulsarán a explotación dos propios recursos e da industria.







**Orde do fisco para que se cobre aos
barcos corsarios españois que arriben
ao porto de Cangas o pago das taxas
fiscais polo cargamento de buques
apresados, 16 de xuño do 1741**

Museo Massó

A partir da Guerra de Sucesión contra os ingleses e os seus aliados, entre os que se atopaba Portugal, a ría de Vigo foi unha zona moi frecuentada polos buques corsarios españois. O rei ou a corporación municipal outorgaba unha autorización ou patente para apresar os barcos mercantes dos países inimigos e quedar co botín. Ao chegar a porto debían aboar ao fisco as taxas correspondentes polas presas que realizaran.

6 8-9 no. 785 ✕ 21

REAL CEDULA

DE S. M.

Y SEÑORES DEL CONSEJO,

POR LA QUAL SE MANDA QUE TODOS los Pescados frescos, secos, salados, y de qualquier otro modo beneficiados, de las Pesquerías de estos Reynos que por mar y tierra salgan de los Puertos con destino al surtimiento de otras Provincias ó de Pueblos interiores, gocen de absoluta libertad de toda clase de arbitrios y demas gabelas municipales, con lo demas que se previene.

AÑO



1783.

EN MADRID:

EN LA IMPRENTA DE DON PEDRO MARIN.

Real Cédula na que se contén a Ordenanza que deberá seguirse para o fomento da pesca no Reino, 1783

Museo Massó

Esta ordenanza forma parte das reformas ilustradas aplicadas polos gobernos da dinastía borbónica e ten como obxecto estimular a economía tamén nas zonas pesqueiras. A ordenanza suprime o dereito á cobranza de taxas pola distribución de peixe dentro das nosas fronteiras.



3


Os fomentadores cataláns alteran as relacións de poder e a antiga estrutura social

Desde finais do século XVIII emprendedores cataláns empezan a instalarse nas nosas costas. Atraídos pola riqueza das Rías Baixas e baixo o estímulo dunha política que liberaliza os dereitos da pesca, poñen en marcha modernas factorías de salgadura de peixe. Estas factorías empregarán maioritariamente man de obra feminina.

O impulso que experimenta o sector pesqueiro e os intercambios comerciais poñen fin á economía do autoconsumo que apenas garantía a supervivencia. En lugar de pagar rendas polo traballo, agora trabállase a xornal.

En Bueu localízase a maior concentración de salgaduras e a poboación mariñeira configúrase entón como o sector máis dinámico. Os salgadeiros cataláns desprazan as antigas elites nos órganos de poder local, ameazan os seus intereses económicos e debilitan a súa posición social.

Hai máis de 200 anos



Año 1.848



*Pailebot Angelita
Matricula de Mataró
Capitán R. Roig*

**Maqueta de medio casco do pailebote *Angelita*
matriculado en Mataró en 1848**

Museo Massó

Os primeiros contactos destes fomentadores cataláns realizáronse a través do comercio marítimo, con goletas ou pailebotes procedentes de Cataluña que traían fundamentalmente viño e augardente. Co tempo foron establecéndose nas rías galegas como industriais da salgadura de peixe.



Garrafa de vidro para envasar
augardente, século XIX

Museo Massó

Lata da fábrica de licores
catalana propriedade de José
Massó Sendrós, século XIX

Museo Massó





**Baúl de viaxe da familia
Massó, século XIX**

Museo Massó

**Viña da vila de Blanes
(Girona), lugar de orixe
da familia Massó e doutros
fomentadores cataláns
establecidos en Galicia,
cara a 1910**

Museo Massó







Esperanza e Salvador Ferrer y Ros eran esposa e cuñado de Salvador Massó Palau, que forma unha sociedade salgadeira con José Dotras Ferrer, padriño dos seus fillos. Ambas as dúas familias eran naturais de Blanes (Girona), cara a 1850


Museo Massó. Doazón dos herdeiros de Amalia Bolívar Sequeiros

Os Ferrer eran unha familia de fomentadores cataláns que, como era habitual, estableceron lazos empresariais a través da concertación de matrimonios con outras familias catalás asentadas en Bueu, entre elas coa familia Massó.



Familia Ferrer, procedente de Blanes, con Rosa Tapias, cara a 1860

Museo Massó. Doazón dos herdeiros de Amalia Bolívar Sequeiros



Vista de Bueu, lugar elixido polos fomentadores cataláns Massó, Bolívar e Ferrer procedentes de Blanes, cara a 1915

Museo Massó



*Vista panorámica da
enseada de Bueu, e
detalle, pintada por
Federico Guisasola
y Lasala en 1868*

Concello de Bueu





Mantilla de encaixe, principios do século XX

Colección particular

Chistera de Gaspar Massó Ferrer, finais do século XIX

Museo Massó. Doazón de
Antonio Massó de Ariza

Maqueta dunha vivenda de clase media da vila de Bueu

Museo Massó

O crecemento demográfico e o novo perfil social da poboación de Bueu dá lugar a unha paisaxe urbana que ocupa a partir de entón a liña de costa. Xunto coas salgadasuras, levántanse as vivendas da nova clase empresarial e as máis sinxelas das familias empregadas nas factorías e na actividade pesqueira.



**Utensilios para a salgadura de peixe:
pa para o sal e barril tipo siciliano
con pesa de pedra para a salgadura
da anchoa, século XX**

Museo Massó

A incorporación dos cataláns á explotación da sardiña supón a intensificación da pesca. Substitúen o procesamento artesanal da salgadura galega por outro máis sistematizado e rendible que emprega prensas e man de obra asalariada.







**Tellas da cuberta da antiga fábrica
de salgadura Piñeiro, hoxe integrada
no Museo Massó, século XIX**

Museo Massó



**Conducións de auga
da antiga salgadura
construída no mesmo
lugar que ocupara o
complexo salgadeiro e
oleiro romano, século XIX**

Museo Massó

Maqueta da antiga fábrica de salgadura ao “estilo catalán” da praia de Mourisca que foi propiedade de Salvador Massó

Museo Massó

A factoría de Mourisca, recentemente restaurada por iniciativa privada, está situada na praia do mesmo nome e foi adquirida pola Sociedade Salvador Massó e Hijos en 1881 que a explota ata a década de 1940. Os espazos de traballo, almacén e vivenda distribúense arredor do patio ou claro co pozo e a fonte de auga doce. A zona ocupada polos píos ou lagares para a salgadura da sardiña denomínase chanca e na zona oposta atópase o morto onde se prensaba o peixe dentro dos barrís de madeira.



*Casas mariñeiras en
Beluso (Bueu) con
embarcadoiro e
lanchas, pintada
por Ramón Aguilar
Moré, cara a 1978*

Colección Álex Aguilar



A finais do século XVIII a pequena aglomeración de vivendas ao redor da igrexa comeza a estenderse pola liña de costa, ata entón practicamente deshabitada. Aquí estableceranse as novas vivendas, as factorías de salgadura, os estaleiros de ribeira e ocúpase a praia con toda unha serie de actividades vinculadas coa pesca nas que participan mulleres e homes de todas as idades.

**Maquetas dunha vivenda
tradicional mariñeira
da vila de Bueu**

Museo Massó





Pano de María Fernández Graña (Bueu, 1829-1892), segunda metade do século XIX

Boina de José Entenza Lobeira (Cela, 1921-2001), primeira metade do século XX

Colección José Manuel Dopazo Entenza

Pertencer ao xénero feminino ou masculino condicionaba e limitaba todos os aspectos da vida das persoas, incluída a forma de vestir. Levar a cabeza cuberta era unha cuestión de decoro ata ben entrado o século XX. No norte de España nas clases populares as mulleres levaban pano e os homes boina. Nunha economía pesqueira as tarefas no mar realizábanas os homes e as mulleres as de terra firme. As mulleres participan na pesca de praia e descarga de peixe, e de forma maioritaria no marisqueo, a venda de peixe, secado e confección de redes, procesamento nas factorías e a cociña nos fogares.





Dous bosquexos do *Caderno de Bueu* que Maruja Mallo realiza en Bueu en xullo do 1936

Reproducións fotográficas dos orixinais propiedade da Galería Guillermo de Osma (Madrid)



Este caderno contén bosquexos da sociedade pesqueira de Bueu e formou parte do proceso creativo dunha serie de pinturas que realizou desde o exilio en 1942.



Raña para a pesca
do polbo, primeira
metade do século XX

Museo Massó

Agullas e muros para a
confección de redes, primeira
metade do século XX

Museo Massó





Nenas e nenos no
vello peirao de
Massó, cara a 1915

Museo Massó



**Botas de auga de media
cana tipo zoco para
a pesca, cara a 1930**

Museo Massó. Doazón
de Manuel Aldao Portas

Na década de 1950 Calzados Riobó en Bueu comeza a fabricar botas de auga de goma, impermeables, flexibles e lixeiras, que substituirán rapidamente as botas tipo zoco, feitas con coiro e sola de madeira, pouco aptas pola súa rixidez e peso para as cubertas das embarcacións. Riobó subministraba aos buques de todos os portos da zona, e ata a década de 1990 as súas botas, de alta e media cana, para a pesca de altura (modelo Atún) e de baixura (modelo Bueu), foron moi solicitadas en calquera porto de España.




**Botas de goma para a pesca
modelo Bueu do taller de
Calzados Riobó, segunda
metade do século XX**

Museo Massó. Doazón
de José Riobó García

Vidreira co escudo
de Bueu procedente
da vivenda de Gaspar
Massó Bolívar,
cara a 1928

Museo Massó. Doazón
de Fernando Massó Bolívar





Emblema da vila
de Bueu que pendía
do balcón do
edificio do concello
construído en 1902

Colección José Manuel
Dopazo García

A creación no ano 1836 do Concello de Bueu foi a consecuencia do crecemento demográfico impulsado pola industria da salgadura. O bergantín formará parte do escudo da vila desde os primeiros tempos da súa constitución como municipio.





Un día de mercado semanal
na praza do concello de Bueu
coa casa do concello ao fondo,
construída en 1902 á beira
da fábrica Massó, cara a 1924

Museo Massó

Ayuntamiento de Bueu
Relación de Alcaldes

D. Salvador Marty 1838-39	D. Jaime Bolibar 1883	D. Ramón Domínguez Ferradas 1931
D. Alfonso Cueva 1840	D. Manuel González Plá 1887	D. L. Jesús Prieto García 1933
D. Narciso Galup Vergés 1843	D. José Massó Ferrer 1890	D. Ramón Domínguez Ferradas 1934
D. Florencio Bermúdez 1843	D. José Rodríguez Estevez 1893	D. José Gómez de la Cueva 1934
D. Manuel Guimerans 1844	D. Miguel Nogueira Fraguas 1894	D. Camilo Davila Davila 1936
D. Juan Lovera 1846	D. Gumersindo Meira 1894	D. Perfecto García Lemos 1937
D. Antonio Entenza 1852	D. Miguel Nogueira Fraguas 1894	D. José M. ^o Massó García 1939
D. Ramón Plá 1854	D. Gumersindo Meira 1895	D. José Benito Otero Baena 1973
D. Salvador Almoedo 1854	D. Miguel Nogueira Fraguas 1897	D. Xosé Novas Piñeiro 1979
D. Salvador Marty 1854	D. José Rodríguez Estevez 1902	D. Manuel Freire Lino 1983-
D. Agustín Plá y Avallé 1856	D. Laureano Piñeiro Domínguez 1906	D. Xosé Novas Piñeiro 1995
D. Benito Martínez 1859	D. Manuel González Grana 1907	D. Tomás Barreiro Sotelo 1999
D. Ramón Plá 1863	D. Clemente Lago Martínez 1909	D. Félix Juncal Novas 2003
D. Manuel Ant. ^o Bares 1862	D. Agustín García Parada 1910	D. Elena Estevez Freire 2004
D. Manuel González Plá 1863	D. Miguel Nogueira Fraguas 1912	D. Félix Juncal Novas 2007
D. Gabriel Estevez 1865	D. José Rodríguez Estevez 1914	
D. Manuel González Plá 1867	D. José García Parada 1918	
D. Juan Domenech González 1868	D. Miguel Nogueira Fraguas 1920	
D. Juan Vergés 1868	D. Víctor Carballo Castiñanes 1923	
D. Manuel Ant. ^o Bares 1868	D. L. Jesús Prieto García 1924	
D. José Domínguez Fontenla 1869	D. Camilo Davila Davila 1925	
D. Agustín Gelpi 1872	D. Ventura García González 1930	
D. Manuel González Plá 1873	D. Francisco Domínguez Cabanillas 1930	
D. Narciso Galup Vergés 1877	D. Perfecto García Nogueira 1933	

Lista de alcaldes do Concello de Bueu desde 1838

Desde a creación do Concello de Bueu e ata 1890, os fomentadores cataláns ocuparon de forma predominante a alcaldía.



**Salvador Massó Palau,
emprendedor catalán
establecido en Bueu
desde 1816, cara a 1860**

Museo Massó.
Doazón dos herdeiros de
Amalia Bolívar Sequeiros





Sobre que contiña a acta de deputado a Cortes, 31 de maio do 1855

Museo Massó

Este sobre contiña a acta de deputado a Cortes Constitucionais que se enviaba ao Gobernador da Provincia de Pontevedra e está asinado polos compoñentes da comisión de control como “escrutadores” do resultado. Entre eles os fomentadores cataláns Salvador Massó Palau, Vergés, Marty e Galup, que foron tamén electores.

Nas eleccións só tiñan dereito ao voto os homes da elite económica que alcanzaban uns ingresos mínimos anuais.



4

A industria conserveira será o auténtico motor do desenvolvemento


A Revolución Industrial foi en orixe unha revolución tecnolóxica que en Europa tivo lugar entre os séculos XVIII e XIX e desencadeou o cambio do sistema social e económico.

Os procesos manuais de elaboración de produtos serán mecanizados grazas á enerxía do vapor e a produción realizarase de forma masiva e en serie. As fábricas serán os centros onde se leve a cabo esta nova organización do traballo.

A burguesía capitalista convértese na nova elite social e a base da poboación estará composta por persoas que traballan a soldo e que se desprazan desde o ámbito rural para establecerse nos núcleos urbanos. Neles desenvólvese unha nova cultura e novas formas de relación social.

En Galicia o primeiro motor de desenvolvemento será a industria conserveira que emprega maioritariamente mulleres. En Bueu a empresa conserveira creada pola familia Massó será a principal impulsora destas transformacións.

Hai máis de 100 anos



LA PERFECCIÓN

DOMINGO

FABRICANTES DE CO

**DE MASSÓ, DARGENTON,
& CÍA
NSERVAS DESDE 1883**

Motor da máquina de vapor da conserveira *La Perfección*, despois fábrica Massó, 1883

Museo Massó


A máquina de vapor permite mecanizar as fases de produción e impón novas formas de organización do traballo. Na industria conserveira as mulleres constitúen o 90 % da man de obra. Desde os primeiros momentos elas incorpóranse ás tarefas mecanizadas substituíndo os homes que desempeñaban traballos manuais cualificados.





Sección de marcaxe da
folla de lata na conserveira
Massó Hermanos S.A. de Bueu,
fotografía do estudo fotográfico
Pacheco de Vigo, 1924

Museo Massó



Edificio da conserveira
La Perfección de Massó,
Dargenton, Domingo e Cía, 1884

Museo Massó. Doazón
dos herdeiros de Amalia
Bolíbar Sequeiros



Antiga lata de conserva e
Libro do inventario da fábrica
La Perfección, 1883-1902

Museo Massó. Doazón
de Manuel Aldao Portas



Salvador Massó Palau cos
seus fillos Gaspar e Salvador
Massó Ferrer, cara a 1883

Museo Massó



Pai e fillos crean en 1883 a fábrica de
conservas *La Perfección* xunto aos seus socios
franceses. Posteriormente a empresa pasará
exclusivamente a mans da familia Massó,
dando paso á empresa Massó Hermanos S.A.



ATTILIO C FABBRICANTES DE 1925

GAGGERO


DE CONSERVAS

A 1975



**Fotografías de Emilio Gaggero co
seu fillo Attilio no despacho, 1914**

Colección Julia Rodríguez Galup



Matrices de impresión para material publicitario da conserveira Attilio Gaggero, cara a 1930

Colección Víctor Domínguez Antas



Fotografía das empregadas
traballando na fábrica de
Attilio Gaggero, cara a 1970

Colección Víctor Domínguez Antas



Latas de conserva
da marca *La Lupa*,
cara a 1970

Museo Massó







**Maletín de viaxante da
conserveira Attilio Gaggero
de Bueu, cara a 1940**

Colexio A Pedra de Bueu

**Frascos para
mostras de aceite da
conserveira Attilio
Gaggero, cara a 1930**

Colección Víctor
Domínguez Antas





Azulexos do edificio da fábrica de Attilio Gaggero, principios do século XX

Museo Massó. Doazón de Jesús Bernárdez

Sanitario de louza estampada do retrete exterior da casa do encargado da conserveira Attilio Gaggero, principios do século XX

Colección Víctor Domínguez Antas



ANTONIO ALCO FABRICANTES

DESDE 1

ONSO, HIJOS


DE CONSERVAS

1922

A conserveira Alonso abre unha fábrica en Bueu en 1922 despois de adquirir a fábrica de conservas de Tapias que adaptara unha factoría de salgadura do século XIX.


O edificio de Alonso derrúbase no ano 2000 e durante as escavacións arqueolóxicas acháronse os restos da salgadura e do complexo oleiro de época romana. Toda a historia deste lugar foi arrasada polas escavadoras.

Esta conserveira é a única das tres fábricas establecidas en Bueu que segue activa. Traslada ao polígono industrial, alí producen a prestixiosa marca *Palacio de Oriente*.



Catálogo de produtos da conserveira Antonio Alonso, cara a 1920

Colección Antonio Alonso S.A.



Página interior
do catálogo de
produtos da
conserveira
Antonio Alonso,
cara a 1920

Colección Antonio
Alonso S.A.

Postal do pavillón das sardiñas "Palacio de Oriente" de Antonio Alonso e Hijos na feira de Bruxelas do 1922, do estudo fotográfico de Jaime Pacheco

Colección Antonio Alonso S.A.





Catro *displays* publicitarios das conservas Antonio Alonso, cara a 1920

Colección Antonio Alonso S.A.






**Fábrica Antonio Alonso,
Hijos, cara a 1920**

Museo Massó



**Matriz litográfica para
a confección das latas
de conserva, cara a 1930**

Colección Antonio Alonso S.A.



Libro maior de contas da
conserveira Antonio Alonso, 1894

Colección Antonio Alonso S.A.



Lata de conserva da marca
Palacio de Oriente que
actualmente segue fabricando
en Bueu, cara a 1950

Colección Antonio Alonso S.A.



MASSÓ HI FABBRICANTES DE 1883 HA


HERMANOS DE CONSERVAS HASTA 1994

Gaspar Massó representando a empresa familiar na Exposición Universal de Bruxelas de 1910

Museo Massó

Massó Hermanos experimentará unha grande expansión a partir da década de 1910 e especialmente desde a década seguinte. Con Gaspar Massó García á fronte convértese nunha das empresas líderes no sector a nivel internacional, con vendas en todos os continentes.





Diploma de honra concedido
a Massó Hermanos S.A. na
Exposición Universal celebrada
en Bruxelas no ano 1910



BURDEOS



W.F.S&C° L^{TD}
MANILA



HABANA



MEXICO



SINGAPORE



PANAMA



SANTO DOMINGO

Matrices para etiquetar os caixóns
con latas de conserva que saían cara
o mercado internacional, cara a 1925

Museo Massó

ROTTERDAM

SANTIAGO
DE
CUBA


SINGAPORE

TUNIS

SOFIA

SUIZA





Matriz para etiquetar os caixóns con latas de conserva e lata con matrices tipográficas e cuños de selos das oficinas da empresa Massó Hermanos S.A., cara a 1920

Museo Massó



Matriz para etiquetar os caixóns con latas *La Gaviota*, marca rexistrada no 1897, cara a 1930

Museo Massó

Lata de sardiñas *Kayrel*, marca rexistrada en 1916 por Massó Hermanos S.A., 1940

Museo Massó. Doazón de Arturo Sánchez Cidrás



Chaves abrelatas do primeiro sistema "abrefácil" para latas de conserva fabricadas por Massó Hermanos S.A., mediados do século XX

Museo Massó




Latas de diferentes
 marcas de conservas
 Massó Hermanos S.A.
 etiquetadas para o
 mercado internacional,
 mediados do século XX

Museo Massó



COMPRAS DE SARDINA BOCARTE Y ESPADIN TOTALIZADAS EN LAS LONJAS DE VIGO BUEL Y CANGAS DURANTE EL AÑO 1931



Corresponden a Bata de estos totales 52.885 cajones —

Se desconoce la cantidad adquirida por la fábrica AMELIXOT pudiendo calcularse en promedio equivalente a 6.300 cestas a agregar a las compras efectuadas por D. JOSÉ VIZBINA de VIGO —

Algunas pequeñas cantidades tomadas directamente por otras fábricas de CAMIÑO y CANGAS, no se computan en este diagrama por desconocerse —

Fotografías de Gaspar Massó García acompañando os reis de España na súa viaxe oficial por Galicia no 1927 e mostrando a fábrica de Bueu ao presidente da República Niceto Alcalá Zamora no 1934

Museo Massó. Doazón dos herdeiros de Amalia Bolívar Sequeiros

Gaspar Massó utilizou o seu paso polas institucións nacionais e locais para impulsar a empresa familiar e o sector conserveiro e pesqueiro galego. Home polifacético, foi coleccionista de libros antigos e antigüidades náuticas e formou parte da Real Academia da Lingua, correspondéndolle chegar o léxico “mariñeiro”.

A súa afección pola fotografía e a filmación levouno a acompañar o rei Alfonso XIII durante a súa viaxe por Galicia. Desde o automóbil *Sunbeam*, que os Massó puxeron ao dispor dos reis, realizou unha das súas reportaxes fílmicas dos anos vinte coa cámara Kodak.





Os ingresos das mulleres empregadas nas conserveiras foron imprescindibles para superar os niveis de subsistencia e soste os fogares. As súas condicións de traballo eran moi precarias, percibían uns salarios moito máis baixos que os dos seus compañeiros, ocupaban os postos inferiores e non tiñan a oportunidade de promocionarse. Isto, xunto coa mecanización das distintas fases de produción, abaratou os custos de produción, fixo accesible o consumo das conservas e provocou que a industria galega fose máis competitiva.

O persoal da conserveira Massó diante do edificio da antiga fábrica, hoxe sede do Museo Massó, 1924

Museo Massó





Semana del de al de de 1930

Núm.	NOMBRES	Salario	Quincena	Luzes	Medida	Almuerzo	Almuerzo	Ventas	Días	Jornal	Importe	Descuentos	Líquido
													2.742.50
33	Dolores Hermelo	2,25					7 7	14					7.85
34	Dolores Ledeiro	2,00											
35	D.López Hervello	2,00					7 7	14					7.85
336	D.López Piñeiro	2,25	4	10			7 7	30					16.85
337	Dolores Maira	1,50	11-1-10				7 6	30		0.25			17.35
338	Dolores Miranda	2,25			10 6		7 7	32					1.8
339	Dolores Nogueira	1,75					8 7 7	28					9
340	D.Novoa Cabral	1,60		11 12			7 5	35					16.50
341	D.Novoa Martínez	2,25	7 8				7 7	31		0.25			17.70
342	Dolores Novas Novas	2,00											
343	Dolores Pazos	2,00		3 10 10			7 7	32					13.80
344	Dolores Pereira	2,25	6	6			9	31		0.25			12.85
345	D.Pérez Franco	1,75											
346	D.Porteira Carballo	1,50											
347	Dolores Santomé	1,75											
348	Domina Silva	2,00	7	7			7 7	30					15
349	Edelmira Masente	2,25	7 5				7 7	30					14.60
350	Edelmira Paz	1,50	10 11				7 7	31		0.20			15.50
351	Edelmira Pérez	1,60	2 10 10-2				7 7	30		0.20			17
352	Efigenia Otero	1,50											
353	Efigenia Rodríguez	2,25											
354	Elena Hermelo	2,25		4	10			16					9
355	Elena Pasos	1,25	3 10 10				7 7	31		0.25			14.50
356	Elvira Gómez	1,50	5 10 10				7 7	30		0.20			13.75
357	Elvira Novas	2,00	8 10 10				7 7	32					1.8
358	Emérita Martínez	2,25		10			7 7	31					12.50
359	Emérita Novas	2,25	-3-10 7 10 10					40		0.25			22.75
360	Enlilla Barreiro	2,25	-4-10 10				7 7	31					21.35
361	Enlilla Fandiño	2,00	1 11 10				7 7	30					
	Suma y sigue. . .												3.079.60

Follas de nóminas do 1930, mandil e cadeiras das empregadas na fase de produción e dos empregados nas oficinas da fábrica Massó Hermanos S.A., 1920-1980

Museo Massó



Semana del de al de de 1930

Núm.	NOMBRES	Sabado	Domingo	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes	Dias	Jornal	Importe	Descuentos	Líquido
580	Eligio Ferradás	5	2	7	5	4	4	4	31				- 38 75
581	José Regueira	5	2	4	5	5	5	5	32				- 40
582	Avelino Esteves	5,00					6	7	13				- 16 75
583	Benito Portela												
584	Bernardo Sobral	2,50											
585	Francoisco Pérez	6,00	4	4	4	4	4	4	24				- 18
586	José Carballo-hijo		5	4	5	4	4	4	26				- 39
587	José Carballo-padre												
588	José de la Torre	5,00											
589	José Dis												
590	José Gutiérrez												
591	José Loveira	7,00	7	2	4	5	4	5	31				- 50 75
592	Laureano López												
593	Manuel Esteves	5,00	6		5	4	4	4	22		1 65	35 45	
594	Manuel González	6,00	6	3	7	7	4	5	32				- 57
595	Manuel Méndez												
596	Manuel Torres												
597	Manuel Vilas	5,00					4	6	10				- 12 50
598	Marcelina Callo												
599	Ramón Castro												
600	Salvador Pastoriza	6,00	5	2	4	5	5	6	32				- 48
	MARINA												
	Archivo								15 4				- 23 50
	Vilas								16 6				- 21
													402 90
	Suma y sigue...												



**Dúas latas de conserva de Massó Hermanos S.A.
recuperadas nas trincheiras do exército
franquista na fronte de Segre na comarca
de Pallars Sobirà (Lleida), 1938**

Museo Massó. Donación de Lluís Galocha Gracia

Durante a Guerra Civil (1936-1939) Galicia foi inmediatamente ocupada polo exército franquista, de maneira que a industria galega subministrou as conservas ao chamado *bando nacional*.

Na Segunda Guerra Mundial os exércitos aliados abastecíanse da industria conserveira estadounidense e bloquearon a exportación de conserva española para impedir que chegase ao exército nazi. A partir da década de 1950, co fin da autarquía económica da ditadura do xeneral Franco, a conserva galega inicia a súa recuperación e Massó comeza a súa segunda época dourada.






O complexo industrial Massó foi o centro neurálxico do novo Bueu

Este complexo industrial derrubouse case na súa totalidade en 2005. Soamente se salvaron os edificios integrados no Museo Massó. Situado no núcleo do centro urbano de Bueu, ten a súa orixe no edificio do século XVIII que ocupa a fronte do actual museo. Era un almacén do monopolio estatal de sal para abastecer o Morrazo, e foi adquirido no século XIX para construír detrás unha moderna fábrica de salgadura ao estilo catalán. En 1883 prolóngase coa gran fábrica de conservas herméticas e coa vivenda e xardín da familia Massó. O complexo séguese ampliando nos anos 1920 coa construción de dúas grandes naves de estrutura metálica, mentres dentro dos edificios antigos irá crescendo o Museo Mariner, hoxe Museo Massó.

Viستا aérea do complexo de Massó Hermanos S.A. en Bueu, cara a 1960 e maqueta do complexo conserveiro Massó Hermanos S.A. de Bueu

Museo Massó.

Doazón dos herdeiros de Amalia Bolívar Sequeiros



PLANO DE POBLACION
Y ENSANCHE
DE LA VILLA DE BUEU

ESCALA 1:1000

Revisado en el año 1870

El Ingeniero de Camión

Agustín P.





Plano de Poboación e Alarga de Bueu
deseñado por Rafael Picó Cañete, 1926


Museo Massó. Depósito do Concello de Bueu

O novo asentamento urbano na zona da praia esténdese de forma considerable a principios do século XX.

O impulso definitivo das conserveiras, e sobre todo do complexo Massó, definirá o trazado urbanístico de Bueu. Este trazado foi deseñado por Rafael Picó seguindo as propostas de Cerdá para o Ensanche de Barcelona, cunha visión de futuro que o mantén aínda vixente. Tiña por obxecto evitar o amontoamento nos barrios mariñeiros que crecían de forma desordenada nos extremos do areal.

No plano apréciase o centro ocupado polo complexo Massó, e diante os edificios da praza de abastos (1920) e da lonxa (1919) construídos con doazóns da familia Massó.






Escritura na que se outorga permiso para pasar por terreos privados a traída de augas da fábrica Massó, 1899

Museo Massó. Doazón de Manuel Aldao Portas


No ano 1900 a fábrica de conservas Massó dispoñía xa de abastecemento de auga e a traída municipal, que fornece auga corrente á poboación, aínda tardará máis de medio século. Ata entón serviranse de pozos, fontes públicas e lavadoiros, recaendo sobre as mulleres a carga diaria de traballo para o abastecemento doméstico.



Minas de auga e pozos artesianos. Exploracións hidroxeolóxicas, de Ignacio Ruiz, 1923

Museo Massó

Este libro formaba parte da biblioteca do *Museo Marino* da familia Massó.



Proyecto de
fonte pública
para A praia en
Bueu realizado
por Jenaro de
la Fuente, 1885

Arquivo Municipal
de Bueu

Obras públicas realizadas polo Concello de Bueu entre o final da Guerra Civil e 1966

Museo Massó

Nesta relación de obras chama a atención, pola data tan tardía para un núcleo urbano pesqueiro e industrial, a construción do porto e a traída de augas contemplada no orzamento do ano 1966. Ata a década seguinte non se xeneraliza a auga corrente nas vivendas.


Esta relación de gastos consérvase no arquivo do Museo Massó porque durante este período José M^a Massó foi alcalde de Bueu.

OTROS CONCEPTOS	
	PESETAS
Gastos de beneficencia y medicinas a pobres	504.506,07
Jornales a peones	250.000,—
Donativos de particulares con destino a obras en estos últimos 30 años, que pueden cifrarse en	1.500.000,—
	2.254.506,07
OBRAS ACTUALMENTE EN EJECUCION	
Construcción de una escuela y una vivienda para el Maestro, en el lugar de Valado	502.000,—
Construcción de dos escuelas y dos viviendas para los Maestros en el lugar de Beluso	938.000,—
	1.440.000,—
ADQUISICIONES PARA EL PARQUE MOVIL Y EQUIPO	
Adquisición de un motocarro para el servicio de limpieza pública	40.000,—
Adquisición de un carrito para la limpieza pública	4.000,—
Adquisición de un equipo de bacheo	6.000,—
Adquisición de una escalera de carro extensible	12.000,—
Adquisición de un camión Barreiros Saeta-35 para el servicio de limpieza pública	300.000,—
	362.000,—
PROYECTOS APROBADOS PARA REALIZAR EN EL EJERCICIO DE 1966	
Distribución de aguas en la Villa (Servicios Técnicos), adjudicada en la cantidad de	3.165.000,—
Campo escolar de deportes (Cooperación 1964-65)	368.000,—
Urbanización de la Travesía de Banda del Río (Cooperación 1966-67)	260.000,—
	3.793.000,—
OTROS PROYECTOS	
Revoque de la fachada de la Casa Consistorial.	
Construcción de un Mercado.	
Ampliación del alumbrado en el rural.	
Construcción de una fuente en el lugar de Valado.	
Construcción de un lavadero en el lugar de Sabarigo.	
Urbanización de la zona de Lapamán.	
Actualización del Plano de Población.	
Bacheo de las calles "B", "H" y Montero Ríos.	
ELECTRIFICACIONES	
Las viviendas electrificadas en todo el Municipio, fueron 836.	
Total general	37.016.213,95



Fotografía postal dos edificios da lonxa e da praza de abastos de Bueu, realizada por Lucien Roisin, cara a 1940

Museo Massó. Doazón de Xurxo Santos García



Proxecto do edificio do mercado de Bueu
 realizado por Rafael Picó no ano 1927

Arquivo Municipal de Bueu

Mármore da sepultura dun membro da familia Massó procedente do antigo cemiterio de Bueu , finais do século XIX-principios do século XX

Museo Massó

No século XIX regúlase a creación de cemiterios municipais e a prohibición de enterrar nos parroquiais.


Bueu dispoñerá dun cemiterio municipal en 1866, pero aínda reservado ás persoas bautizadas polo rito católico. Co crecemento da poboación pronto quedará pequeno. O novo cemiterio aínda se fará esperar e será civil e afastado do centro urbano como establecía a normativa.

Debuxo da porta do antigo cemiterio de Bueu realizado por José Benito Otero Baena (Pepé), 1949

Colección da viúva de
José Benito Otero Baena (Pepé)



A industria conserveira
impulsará o desenvolvemento
urbanístico, as redes de
estradas e comunicacións,
a educación e a cultura



Neste mapamundi do tendido telegráfico identifícase en vermello a liña do “cable inglés” que en 1873 entra en España por Vigo.


A cidade convértese así na porta de entrada das telecomunicacións españolas. Telegramas de todo o mundo iniciábanse coa frase “Vía Vigo”.

O telégrafo era un sistema de comunicación que conectaba de forma inmediata os cinco continentes. No sector financeiro, empresarial e do comercio substitúe en gran medida a correspondencia por correo, converténdose nun factor de progreso que xogará un papel importante no desenvolvemento de Vigo como cidade industrial.



Rótulo da oficina de telégrafos, cara a 1960

Museo Massó



Mapa do tendido do cable telegráfico incorporado no *The ABC Universal Commercial telegraphic code*, Londres/Nueva York, 1859

Museo Massó

Autobús da Empresa Cerqueiro que presta servizo desde 1926 entre Bueu, Beluso, Aldán e Cangas, 1947

Empresa Cerqueiro



Libro de reclamacións da Empresa Cerqueiro, 1926

Empresa Cerqueiro



Billete de autobús de Transportes La Unión S.A. que prestaba servizo entre as principais poboacións da península do Morrazo, cara a 1980

José Manuel Dopazo Entenza

Rótulo da oficina de
teléfonos, cara a 1950

Museo Massó



Ramal de Galos,
rúa de acceso ao
centro de Bueu
cos cables e postes
eléctricos, 1927

Museo Massó

RAMAL DE GALOS- 1927



Selos da oficina de correos de Bueu con cuños de Bueu, Bueu-Cela e Bueu Afueras, finais do século XX-principios do século XXI

Colección Correos



Sobre postal enviado desde Bueu a Bos Aires o 8 de decembro de 1929, con tránsito en Vigo e chegada o 5 de xaneiro de 1930

Museo Massó






Carteira de repartición
do correo e saco de
Correos para a recollida
da correspondencia,
cara a 1960

Museo Massó

A emigración masiva cara a América foi especialmente importante entre 1885 e 1930. No porto de Vigo embarcaban as xentes de Pontevedra e Ourense cara a Arxentina, Brasil e Uruguai. Da Coruña saía maior número de emigrantes cara a Cuba, Porto Rico e México.





**Gaspar Massó García no primeiro
 automóbil que tivo a familia,
 un *Fiat Zero* de 1914, cara a 1914**

Museo Massó. Doazón dos herdeiros
 de Amalia Bolívar Sequeiros

No ano 1902 existía en Bueu unha
 peaxe urbana para cada coche que
 circulase polas rúas da vila. Corenta
 anos despois, só constan tres turismos
 de luxo, dous pertencían á familia
 Massó e outro a Attilio Gaggero.

O grao de desenvolvemento dunha comunidade maniféstase nos seus valores sociais, culturais e calidade de vida



Casa-escola de Matilde Bares (asomando pola xanela) coa familia do seu irmán posando na escalinata, cara a 1915

Museo Massó

A súa escola mixta estaba aberta no ano 1889. A veciñanza de Bueu fíxolle esta homenaxe en 1932 en recoñecemento ao labor docente e á axuda que prestou a quen ía emigrar a América. Ensináballes a ler, escribir e coñecementos básicos de matemáticas para que puidesen desenvolverse. Nas sinaturas está presente todo o abanico social de Bueu.



Páxina do álbum de sinaturas en homenaxe á mestra Matilde Bares, 1932


Museo Massó. Depósito do Concello de Bueu



M
A
R
I
N
E
R
O

**Rótulo do antigo
Museo Marinero,
hoje Museo Massó**

Museo Massó



**Sala principal do
Museo Marinero,
cara a 1950**

Museo Massó



Sala da Industria
do Museo Mariner,
fotografía de Llanos,
cara a 1950

Arquivo fotográfico
do Museo Etnolóxico
de Ribadavía

Desde o século XIX a familia Massó foi reunindo unha colección excepcional en España de documentos, gravados e libros antigos, instrumentos de navegación, cartografía marítima e maquetas de barcos históricos.


A idea de crear un museo empeza a xestarse na década de 1920, ábrese en 1932 e ao longo de varias décadas irá ampliándose dentro do complexo conserveiro. Desde os seus inicios contaba xa cunha sala dedicada á industria familiar, onde o patrimonio da empresa se transforma en patrimonio histórico.

En 1994, despois do peche da fábrica de Bueu, foi adquirido pola Xunta de Galicia.

Liber Chronicarum de Hartmanus Schedel (Nuremberg), 1493

Museo Massó

Os incunables son os libros impresos desde a invención da imprenta en 1453 ata o 1500. Os 21 exemplares reunidos pola familia Massó que se conservan neste museo, constitúen unha das xoias do patrimonio cultural de Galicia.



XX incunables de la "Colección Massó" editado por Massó Hermanos no ano 1948

Museo Massó



Planetario, século XIX

Representa o sistema solar e permite simular de forma didáctica o movimento dos planetas. Procede do *Museo Marinero* da família Massó.

Museo Massó

Anuncio publicitario en prensa de Conservas Massó diseñado por Federico Ribas Montenegro, cara a 1930

Museo Massó. Doazón de Carmen María Suárez Fernández

Grazas á estreita amizade que mantiña con Gaspar Massó, o destacado artista gráfico Federico Ribas encargouse do deseño da imaxe de marca e a publicidade da conserveira Massó. O golpe de estado do 1936 poñería fin a esta colaboración co exilio do deseñador.

Una experiencia de 40 años en la fabricación de conservas, hace que nuestro nombre sea hoy UNA GARANTÍA DE CALIDAD

Calidades finas: MASSÓ, LE DRAPEAU, EL PORRÓN
Marcas corrientes: COSMOPOLITE, KAYREL

MASSÓ H^{NOS} : Casa central y oficinas : VIGO (España)

**Matrices de impresión das
ilustracións do catálogo
das Conservas Massó
deseñado por Federico
Ribas Montenegro, 1924**

Museo Massó. Doazón
de Manuel Aldao Portas





MASSÓ HERMANOS - VIGO (ESPAÑA)



Calamares Rellenos
en su Tinta
Calamares en Tomate
En 1/4 y 1/2 latas.

Calamares Kayrel
en su Tinta
1/4 y 1/2 latas.



Filetes de Maquereaux
en Aceite
Filetes de Maquereaux
en Escabeche
1/4 y 1/2 latas.

Almejas al Natural
Almejas en Escabeche
1/4 y 1/2 latas.



Páxinas interiores e matrices de impresión das ilustracións do catálogo das *Conservas Massó* deseñado por Federico Ribas Montenegro, 1924

Museo Massó

MASSÓ HERMANOS - VIGO (ESPAÑA)

Marca **PORRÓN**



Sardinas en Escabeche

4/4 o latas de
980/1.000 gramos;
por lata
35/45 Sardinas.



Marca **PORRÓN**

Sardinas en Escabeche

Latones de 5 kilos, conteniendo 150/170 Sardinas, fabricados especialmente para Detallistas.





Pinturas do comedor
das empregadas da
fábrica de Bueu de
Massó Hermanos S.A.,
realizadas por Urbano
Lugrís cara a 1940

Museo Massó



Bosquexo para a fachada da capela dos Santos Reis, deseñada por Urbano Lugrís, 1948-1953

Museo Massó. Depósito do Concello de Bueu

Os inicios da carreira artística de Urbano Lugrís están marcados pola súa vinculación coa familia Massó. Baixo a súa protección realiza en Bueu durante a década de 1940 unha serie de pinturas para decorar o comedor das empregadas da fábrica de conservas e confíanlle, entre outras tarefas, a montaxe das casetas da empresa nas feiras de alimentación.

En 1948 José M^a Massó encárgalle en calidade de alcalde o deseño da nova capela dos Santos Reis que se abre ao culto en 1953.









Xoán Piñeiro modelando o busto de Gaspar Massó, cara a 1950

Mariñeiros descargando o peixe, obra realizada polo escultor galego Xoán Piñeiro, cara a 1960

Museo Massó

Na década de 1950 Piñeiro pasou uns anos en Bueu e o inicio da súa carreira artística viuse impulsada polo apoio que recibiu da familia Massó.

A constitución en 1909 da Sociedade Liceo Casino de Bueu marca un fito no desenvolvemento da vida socio-cultural dos homes da vila. Un espazo recreativo onde os homes das familias máis destacadas e da clase media, como os Massó ou Torrente Ballester entre outros, entretíñanse cos faladoiros, xogos de mesa ou a lectura de xornais como *El Relámpago*, *La Voz de Bueu* ou *El Adelanto*. En 1967 transfórmase no Círculo Náutico de Bueu con sede nas dependencias cedidas por Massó Hermanos S.A. Presidido por José M^a Massó, nel desenvólvense ademais das actividades sociais e culturais, os deportes náuticos.



Rótulo do Círculo Náutico de Bueu, cara a 1967

Museo Massó. Doazón de Manuel Aldao Portas



Espello e sala de actos do Círculo Náutico de Bueu, 1910-1970

Museo Massó. Doazón da directiva do Círculo Náutico de Bueu



**Piano e mesa procedente do
Liceo Casino de Bueu, cara a 1910**

Museo Massó. Doazón da directiva
do Círculo Náutico de Bueu
e de Manuel Aldao Portas



Debuxo de San Vir-Elas de Federico Ribas, cara a 1930

Museo Massó. Doazón da directiva do Círculo Náutico de Bueu

Foi realizado polo artista cando acompañaba o seu gran amigo Gaspar Massó durante unha partida de dominó no Liceo Casino de Bueu.

O nome débese ao feito de que un dos xogadores tiña o costume de dicir: “San vir elas” (xa han de vir elas), en espera da boa sorte cando non lle viñan dadas as fichas boas.

O enxeño de Ribas fixo o resto, e o san Vir-Elas de Bueu converteuse no patrón da sociedade recreativa ao que se lle facían ofrendas para atraer a boa sorte no xogo.



Cartel das regatas do Campionato Galego de Snipe, 1984

Museo Massó. Doazón da directiva do Círculo Náutico de Bueu e de Manuel Aldao Portas

5

A enseada de Bueu recupera a actividade portuaria


A franxa costeira da enseada de Bueu quedou desocupada unha vez abandonado o porto do período romano situado no areal de Pescadoira.

A recuperación e o desenvolvemento continuado da actividade pesqueira durante o século XIX pon de manifesto a necesidade de construír un porto. Era preciso facilitar a atracada de veleiros e barcos de vapor que descargaban nos precarios peiraos de madeira das conserveiras.

Ao redor destes embarcadiros e dos areais das praias virará a vida do novo núcleo urbano, un espazo público e de traballo que ocupan tamén e de forma moi activa as mulleres e onde se instalan os pequenos estaleiros que constrúen as embarcacións de pesca.

Aínda que o primeiro dique de pedra se constrúe en 1917, o porto tardará varias décadas en ser unha realidade.

Hai máis de 100 anos



Peirao da fábrica
de conservas Massó
Hermanos S.A.
de Bueu, 1928

Museo Massó

Modelo de máquina de vapor inglesa
empregada en pequenos barcos
pesqueiros a principios do século XX,
cara a 1910

Museo Massó

Na década de 1880 comezan a popularizarse na Ría de Vigo as lanchiñas de vapor. Xunto coas fábricas de conserva e a pesca de altura, o motor de vapor posibilitou o gran salto do sector pesqueiro galego.

Os conserveiros foron os primeiros en apostar polas novas embarcacións, entre as que destacou a frota Massó construída nos estaleiros Barreras (Vigo), onde cara a 1920 comezarán a fabricar os seus propios motores de vapor. O uso destes barcos na pesca galega finaliza na década de 1930 coa irrupción dos motores diésel. O primeiro será o Blanes, construído para Massó e bautizado co nome da súa localidade catalá de orixe.






Recibo de carga de conservas de peixe da salgadura de Salvador Massó Palau para o transporte marítimo desde Bueu a Santander, asinado e datado en Bueu o 18 de xaneiro do 1853

Museo Massó

Salvador foi o primeiro membro da familia Massó que se estableceu en Galicia. Asociado con Ferrer, creou unha compañía de salgadasuras “ao estilo catalán”, que será o punto de partida da histórica saga de industriais da conserva. Formada por catro xeracións, situaranse á cabeza das empresas dedicadas á conserva de peixe no século XX.



Saco para bacallau salgado de CASA MAR (Motores de Altura Reunidos S.A.), segunda metade do século XX

Museo Massó





A sociedade M.A. R. constituíuse en Vigo no ano 1939 por unha serie de industriais vigueses, entre os que se atopa Gaspar Massó. A frota pesqueira de CASA MAR traballou en todos os caladoiros do planeta e varias xeracións de mariñeiros da comarca do Morrazo que antes se embarcaban nos portos de Marín, Bueu, Cangas ou Moaña, pasarán a formar parte das tripulacións dos buques de CASA MAR.


6

Un futuro co pasado nas sombras

**Bastaron dezaioito anos para acabar
cos testemuños dun proceso milenario
de construción dunha identidade.**







A nave de estrutura metálica ao estilo Eiffel da conserveira Massó Hermanos S.A., fotografía do estudo fotográfico Pacheco de Vigo, 1926

Museo Massó

En 1926 ampliábase a conserveira Massó cunha nova nave de estrutura metálica fabricada nos estaleiros Barreras de Vigo e deseñada seguindo o estilo de Eiffel polo arquitecto Jacobo Esténs, cuñado dos irmáns Massó.

En lugar de empregar a soldadura, concibiuna a modo de mecano, como un conxunto de pezas metálicas unidas por parafusos. Unha marabillosa obra de arquitectura que deixou admirado o grupo de arquitectos encargados de demoler o edificio en 2005.


Derrubouse en 2005. Hoxe sería o equivalente á “catedral do patrimonio industrial” en Galicia



O parafuso da vergoña, 1926

Museo Massó. Doazón de Sonia Barreiro Núñez

Único testemuño da estrutura da nave metálica da fábrica Massó. Un exemplo pioneiro da arquitectura industrial do ferro en Galicia.



A nave de estrutura metálica de Massó Hermanos S.A. durante o proceso de derrubamento, fotografía de Gonzalo Núñez, 2005

Museo Massó. Doazón do autor

Derrubamento da nave de estrutura metálica de Massó Hermanos S.A. no 2005, fotografía de Gonzalo Núñez, 2005

Museo Massó.
Doazón do autor



*Interior da nave Massó de Bueu,
de Nuria Guardiola Medel
(Vigo, 1956), 2001*

Museo Massó

Este óleo está pintado sobre a táboa dunha mesa de traballo da fábrica Massó de Bueu e incorpora un corpo de lata da marca Kayrel de Massó. Forma parte da serie Conserveiras que toma como motivo de inspiración e recurso material as fábricas Massó de Cangas e Bueu.

Nel ofrécesenos unha imaxe icónica e moi expresiva da decadencia da industria conserveira en Bueu, e da perda do seu patrimonio histórico.



*Interior da fábrica
Massó Hermanos S.A.
doce anos despois
do peche, 2005*

Museo Massó. Doazón
de Sonia Barreiro Núñez



O desaparecido estaleiro de Purro na praia da Banda do Río en Bueu era a única carpintería de ribeira que se conservaba na ría de Pontevedra. Alí construíronse as embarcacións pesqueiras tradicionais de madeira desde a década de 1920 ata o ano 2000. Nos últimos anos de actividade sobrevivía grazas á construción de bateas.



**Estaleiro de ribeira
da praia da Banda do
Río en Bueu, cara a 1925**


Museo Massó.
Doazón dos herdeiros de
Amalia Bolívar Sequeiros



Nostràlia, de
Federico Manuel
Soriano Palacios, 2017

Museo Massó






Estrutura pel, de Nilo Héctor Arias Pérez, 2017.
Detalle do histórico estaleiro de Purro.

Museo Massó



Camión retirando a madeira
despois da derruba do
histórico estaleiro, 2018

Museo Massó



Detalle da estrutura
levantada no lugar do
antigo estaleiro, 2018

Museo Massó



**Materiais recuperados na praia de
Pescadoira e no mar durante a actividade
pesqueira, séculos XVII- XIX**

Museo Massó e doazón de Víctor Domínguez Antas
e de Salvador Santos Cidrás





Natureza morta do século XXI

Museo Massó. Procede das augas
e praias das nosas rías



Artigo de Gonzalo Torrente Ballester.
publicado no Faro de Vigo
o 11 de novembro de 1965

Faro de Vigo



Nun mundo globalizado, o
patrimonio histórico é un valor cultural,
de cohesión social e de desenvolvemento











3

Os fomentadores cataláns alteran as relacións de poder e a antiga estrutura social

Desde finais do século XVIII emprendedores cataláns empezan a instalarse nas novas costas. Atraídos pola riqueza das Rías Baixas e baixo o estímulo dunha política que liberaliza os dereitos da pesca, poñen en marcha modernas factorías de salgadura de peixe. Estas factorías empregarán maioritariamente man de obra feminina.

O impulso que experimenta o sector pesqueiro e os intercambios comerciais ponen fin á economía do autocoñsumo que apenas garante a supervivencia. En lugar de pagar rendas polo traballo, agora trabállase a xornal.

En Balsa localízase a maior concentración de salgaduras e a poboación mariñeira configúrase entón como o sector máis dinámico. Os salgoeiros cataláns desprazan ás antigas elites nos órganos de poder local, ameazan os seus intereses económicos e debilitan a súa posición social.

Los fomentadores catalanes alteran las relaciones de poder y la antigua estructura social

Desde finales del siglo XVIII emprendedores catalanes empiezan a instalarse en nuestras costas. Atraídos por la riqueza de las Rías Baixas y bajo el estímulo de una política que liberaliza los derechos de la pesca, ponen en marcha modernas factorías de salazón de pescado. Estas factorías emplearán mayoritariamente mano de obra femenina.

El impulso que experimenta el sector pesquero y los intercambios comerciales ponen fin a la economía del autocoñsumo que apenas garantizaba la supervivencia. En lugar de pagar rentas por el trabajo, ahora se trabaja a jornal.

En Balsa se localiza la mayor concentración de salazones y la población marinera se configura entonces como el sector más dinámico. Los salgoeiros catalanes desplazan a las antiguas elites en los órganos de poder local, amenazan sus intereses económicos y debilitan su posición social.

Hai máis de 200 anos
Hace más de 200 años





4

A industria conserveira será o auténtico motor do desenvolvemento

A Revolución Industrial foi en orixe unha revolución tecnolóxica que en Europa tivo lugar entre os séculos XVIII e XIX e desencadeou o cambio do sistema social e económico.

Os procesos manuais de elaboración de produtos serán mecanizados grazas a enerxía de vapor e a produción realizarase de forma masiva e en serie. As fábricas serán os centros onde se leve a cabo esta nova organización do traballo.

A burguesía capitalista convértese na nova élite social e a base da poboación estará composta por persoas que traballan a soldo e que se desprazan desde o ámbito rural para establecerse nos núcleos urbanos. Neles desenvólvese unha nova cultura e novas formas de relación social.

En Galicia o primeiro motor de desenvolvemento será a industria conserveira que emprega maioritariamente a mulleres. En Bueu a empresa conserveira creada pola familia Massó será a principal impulsora destas transformacións.

La industria conservera será el auténtico motor del desarrollo

La Revolución Industrial fue en origen una revolución tecnológica que en Europa tuvo lugar entre los siglos XVIII y XIX y desencadenó el cambio del sistema social y económico.

Los procesos manuales de elaboración de productos serán mecanizados gracias a la energía de vapor y la producción se realizará de forma masiva y en serie. Las fábricas serán los centros donde se lleve a cabo esta nueva organización del trabajo.

La burguesía capitalista se convierte en la nueva élite social y la base de la población estará compuesta por personas que trabajan a sueldo y que se desplazan desde el ámbito rural para establecerse en los núcleos urbanos. En ellos se desarrolla una nueva cultura y nuevas formas de relación social.

En Galicia el primer motor de desarrollo será la industria conservera que emplea mayoritariamente a mujeres. En Bueu la empresa conservera creada por la familia Massó será la principal impulsora de estas transformaciones.

Hai máis de 100 anos
Hace más de 100 años



Bueu coa casa consistorial ao fondo. Foi construída
o edificio de Bueu con la casa consistorial al fondo. Fue
a 1924





**LA PERFECCIÓN de MASSÓ, DARSENFINI,
DOMINGO & CIA
FABRICANTES de CONSERVAS desde 1883**




**ATTILIO GAGGERO
FABRICANTE de CONSERVAS de
1903 - 1917**



ANTONIO ALONSO, HIJOS
FABRICANTES DE CONSERVAS
desde 1922

MASSÓ HERMANOS
FABRICANTES DE CONSERVAS
de 1889 hasta 1994



Maqueta representativa de la empresa fundada por Manuel Massó y sus hijos en 1889 en el edificio de la calle de San Martín, 10 de Vigo.
Maqueta representativa de la empresa fundada en la Exposición Universal de Bruselas de 1889.



Burdeos

TUNIS

ROTTERDAM

PANAMA

SILVA SOLLA

MASSO
BUHO

MAJAO

LABARA

SAN VITO
C.A.B.A.

SINGAPORE

ANGERS

VENICE
MANH

LA GAVIOTA















El desaparecido estadero de Puerto de Guaya. Remo de Río en Buenos Aires. Una de las últimas fotografías de la estructura que se conservó antes de su demolición.
Palacio, de Federico Manuel Soriano Palacio, 2013

El desaparecido estadero de Puerto en la playa de la Sombra del Río en Buenos Aires. Era la única carpintería de ribera que se conservaba en la vía de Puerto Viejo.
Nozuelo, de Federico Manuel Soriano Palacio, 2017



5

A enseña de actividad portuaria

La actividad portuaria en Buenos Aires ha sido un eje fundamental de su historia. Desde la llegada de los europeos, el puerto ha sido el punto de encuentro entre el continente y el mundo. En el siglo XIX, con la llegada del ferrocarril y el barco a vapor, el puerto se convirtió en el principal centro de comercio y transporte de la ciudad. La actividad portuaria ha sido el motor de la economía y el desarrollo de Buenos Aires.

La enseña de actividad portuaria

La actividad portuaria en Buenos Aires ha sido un eje fundamental de su historia. Desde la llegada de los europeos, el puerto ha sido el punto de encuentro entre el continente y el mundo. En el siglo XIX, con la llegada del ferrocarril y el barco a vapor, el puerto se convirtió en el principal centro de comercio y transporte de la ciudad. La actividad portuaria ha sido el motor de la economía y el desarrollo de Buenos Aires.



6. Un futuro co pasado na sombra

Bastaron 18 años para acabar cos testemuños dun proceso milenario de construción dunha identidade



A nave de estructura metálica al estilo Eiffel de la conservera Masó Hermanos S.A., 1928. Fue derribada en 2005. Hoy sería la "catedral de patrimonio industrial" en Galicia.


La nave de estructura metálica al estilo Eiffel de la conservera Masó Hermanos S.A., 1928. Fue derribada en 2005. Hoy sería la "catedral del patrimonio industrial" en Galicia.




6. Un futuro con el pasado en la sombra

Bastaron 18 años para acabar con los testimonios de un proceso milenario de construcción de una identidad.









galego

 Xacobeo 2021

ISBN 978844535346-2



9 788445 353462



XUNTA
DE GALICIA